



# Taller Materiais de orixe vexetal

Xoves, 25 novembro de 2021. De 10:30 a 13:30 h  
CIS Tecnoloxía e Deseño

**Os materiais obtidos a partir das diversas partes de plantas, froitos, árbores e madeiras constitúen os materiais sustentables por antonomasia e son compoñentes característicos de calquera produto baseado nos principios da circularidade.**

A **Axencia Galega de Innovación**, a través da Materialoteca de Galicia, organiza este taller de carácter presencial destinado a profesionais libres, deseñadores/as e estudantes interesados/as en coñecer e explorar novas solucións adaptadas aos principios da economía circular e baseadas no emprego de materiais innovadores constituídos por elementos de procedencia vexetal variada.

Neste taller, con capacidade limitada a 30 persoas, traballárase en grupos para explorar mostras seleccionadas e expoñer cuestións sobre calidades e aplicacións relacionadas con diversos materiais que previamente serán comentados polos especialistas de **Materially**. Empregaranse técnicas de *brainstorming* para xerar ideas de aplicación que promovan o emprego de solucións con base en materiais de orixe vexetal adaptadas a diversos sectores.

A participación no taller incluírá a visita á mostra *Arquivo da Matéria Viva*, que se exhibe durante este mes de novembro no **CIS Tecnoloxía e Deseño** procedente da localidade portuguesa de Matosinhos, onde se expuxera con motivo da Porto Design Biennale.

|                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|-----------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 10:30 - 10:40 h | <b>Presentación do taller</b><br><b>María José Mariño - Directora Área de Centros da Axencia Galega de Innovación</b>                                                                                                                                                                                                                   |
| 10:40 - 11:45 h | <b>Presentación informe estratéxico: Materiais innovadores de orixe vexetal</b><br><br><b>1ª parte do taller:</b> Presentación de materiais e traballo en grupo para contrastar a información asociada aos materiais e a exploración sobre as diferentes mostras seleccionadas<br><br><b>Unai Etxebarria e Iker Agirre - Materially</b> |
| 11:45 - 12:20 h | <b>Pausa café e visita á exposición <i>Arquivo da Matéria Viva</i></b>                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| 12:20 - 13:20 h | <b>2ª parte do taller:</b> Presentación de nova selección de materiais de orixe vexetal. Posta en común de propostas, debate e análise de ideas obtidas                                                                                                                                                                                 |
| 13:20 - 13:30 h | <b>Conclusións e peche da xornada</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |